



FUNDACIÓN GALICIA EUROPA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE
PRESIDENCIA, AAPP. E XUSTIZA

I. MEMORIA DOS ORZAMENTOS 2015 E PROGRAMA DE ACTUACIÓNS INVESTIMENTOS E FINANCIAMENTO

I.1. PREMISAS E LIÑAS PRINCIPAIS DO PLANTEXAMENTO ESTRATÉXICO

A Fundación Galicia Europa (FGE) constitúese ao abeiro do artigo 34.1 da Constitución Española e réxese pola Lei 12/2006, do 1 de decembro, de réxime das fundacións de interese galego e pola lei 16/2010, de 17 de decembro de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público de Galicia. A dita Fundación, creada en 1988, é unha institución sen ánimo de lucro que persegue o achegamento entre Galicia e Europa como finalidade de todos os seus obxectivos.

Conta con dúas oficinas, unha en Santiago de Compostela e outra en Buxelas. Esta última forma parte das preto de máis de 300 representacións rexionais establecidas na capital comunitaria.

Entre a FGE e a Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea existe unha vinculación de carácter directo e inmediato. O Director Xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea exerce simultaneamente o cargo de Director da Fundación. Esta serve a súa vez de apoio á dirección xeral para desenvolver a estratexia de acción exterior de Galicia e para consolidar a representación de Galicia no marco europeo. E por último, a descrición do programa III E “Relacións Exteriores” da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, define a FGE como un dos órganos encargados da súa xestión, xunto coa devandita dirección xeral.

En canto á súa acción, o traballo da Fundación materialízase en catro ámbitos que responden aos seguintes obxectivos:

Defender os intereses de Galicia perante a UE

A defensa dos intereses rexionais ante as institucións europeas ne-cesita dunha sólida representación na capital comunitaria a través da cal se traballe para que a toma de decisións a nivel comunitario se leve a cabo cun maior coñecemento da realidade e dos intereses galegos. Este labor é desempeñado principalmente pola oficina da Fundación Galicia Europa en Bruxelas a través de diferentes actividades como o seguimento das políticas europeas, o apoio á participación da C.A de

Galicia nas institucións e órganos comunitarios ou a organización de visitas de responsables políticos e técnicos a Bruxelas, entre outras.

Informar sobre a Unión Europea en Galicia

A información é un dos eixos centrais do labor desenvolvido pola Fundación Galicia Europa, pois constitúe un requisito indispensable para poder defender os intereses galegos e para facilitar a participación das entidades galegas en programas de financiamento comunitario. Esta información en Galicia realízase fundamentalmente a través da sede da FGE en Santiago de Compostela co apoio da súa oficina en Bruxelas.

A información canalízase a través de publicacións, contactos directos cos departamentos da Xunta de Galicia, e principalmente, a través do portal web (www.fundaciongaliciaeuropa.eu) e das súas redes sociais, que constitúen o medio máis eficaz para a transmisión de información ao gran público e a sectores especializados (funcionarios, empresas, entidades locais, etc.)

Promover a participación galega en proxectos europeos.

Para potenciar a competitividade do sector público e privado galego, a FGE, a través das súas dúas oficinas en Santiago de Compostela e Bruxelas, promove a participación de entidades galegas en proxectos europeos, desenvolvendo, entre outras, as seguintes actividades: prestación de asesoramento técnico sobre as posibilidades de financiamento dos proxectos, procura de socios a escala europea ou organización de reunións con representantes das institucións comunitarias para dispor de mellor información á hora de preparar unha proposta ou de executar un proxecto.

Formar e sensibilizar sobre Europa en Galicia

A formación é un dos pilares fundamentais da actividade da FGE e con este obxectivo lévanse a cabo diversas actividades de divulgación e de sensibilización sobre asuntos europeos: convocatoria de bolsas dirixidas á mocidade para a realización de prácticas nas súas oficinas; organización de xornadas, cursos e seminarios; ou acordos de colaboración con distintas entidades.

Nos próximos anos, o labor da Fundación Galicia Europa verase afectado por varios condicionantes principais:

○ inicio do novo período de financiamento europeo 2014-2020.

A implementación e o seguimento da axenda "Europa 2020".

○ especial contexto económico no que se atopa Europa.

A crecente importancia das pequenas e medianas empresas como motor da recuperación económica e do emprego en Galicia.

Neste contexto, a Fundación Galicia Europa favorecerá actuacións como contribuír á posta en marcha en Galicia do novo período de financiamento, reforzar as súas activi-

dades de promoción, difundir os obxectivos e instrumentos da Estratexia Europa 2020, contribuír á difusión de Galicia en Europa e continuar co labor de formación en temas europeos da sociedade galega en xeral e da mocidade en particular.

PLANS DE ACTUACIÓN E PRIORIDADES

A FGE aproba en cada exercicio un plan de actuación e unas prioridades conforme aos catro obxectivos estratéxicos expostos.

I.1.1. EIXO E OBXECTIVO ESTRATÉXICOS

EIXO	
E5. ADMINISTRACIÓN AUSTERA, EFICIENTE E CERCANA AO CIDADÁN	
OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS	
Promoción da Acción Exterior de Galicia, especialmente nas relacións coa UE, Portugal e a Cooperación ao Desenvolvemento	

I.1.2. MEDIDAS, ACTUACIÓN E INDICADORES

MEDIDA					
CÓDIGO	MEDIDA	2015	2016	2017	
	Accións para a promoción, impulso e fortalecemento da presenza de Galicia na UE	131.069,84	131.069,84	131.069,84	
ACTUACIÓN/OBXECTIVO OPERATIVO					
CÓDIGO	ACTUACIÓN/OBXECTIVO OPERATIVO	2015	2016	2017	
	DEFENSA DOS INTERESES DE GALICIA ANTE A UE	26.765,00	26.765,00	26.765,00	
	INFORMACIÓN SOBRE A UE EN GALICIA	7.950,00	7.950,00	7.950,00	
	PROMOCION DA PARTICIPACIÓN GALEGA EN PROXECTOS EUROPEOS	4.000,00	4.000,00	4.000,00	
	FORMACIÓN E SENSIBILIZACIÓN SOBRE EUROPA EN GALICIA	92.354,84	92.354,84	92.354,84	
INDICADORES					
		UNIDADES	2015	2016	2017
	Reunións do Comité das Rexións, na Comisión Europea, reunións do Consello con participación galega, visitas institucionais, foros organizados pola Fundación, actividades culturais de Galicia en Bruxelas, reunións e foros con participación galega	200	26.765,00	26.765,00	26.765,00
	Portal web, boletín, colaboracións con revistas	350	7.950,00	7.950,00	7.950,00
	Asesoramento nas posibilidades de financiación, asesoramento nas procuras de socios, cesión de salas, cursos de financiación comunitaria	200	4.000,00	4.000,00	4.000,00
	Becas, cursos, seminario e xornadas	25	92.354,84	92.354,84	92.354,84

I.1.3. PROGRAMA DE INVESTIMENTOS

INVESTIMENTOS						
Resumo Programa de Investimentos				Real	Estim.	Previsión
Código	Descrición	(1)	(2)	2013	2014	2015
	Representación e apoio en actividades institucionais, xornadas, cursos, conferencias, publicacións, actividades de difusión e promoción, bolsas			177.697,32	140.320,36	131.069,84

INVESTIMENTOS						
			TOTAL	177.697,32	140.320,36	131.069,84
(1)A actuación está integrada nun plan de eido superior.						
(2)Actuación de fomento do I+D+I.						

I.2. PREVISIÓNS ORZAMENTARIAS E FINANCIAMENTO

I.2.1. ORZAMENTO DE EXPLOTACIÓN

INGRESOS

VENTAS E EXPLOTACIÓN DE SERVICIOS

SUBVENCIONES DE EXPLOTACIÓN RECIBIDAS

SUBVENCIONES DE EXPLOTACIÓN RECIBIDAS	REAL	ESTIMADO	PREVISIÓNS
	2013	2014	2015
DO ESTADO			
DA COMUNIDADE AUTÓNOMA	587.024,00	587.917,00	582.917,00
DA UNIÓN EUROPEA			
TOTAL	587.024,00	587.917,00	582.917,00

GASTOS

GASTOS DE PERSOAL

GASTO PERSONAL		Nº EMPREGADOS	% VARIACIÓN ANUAL	CUSTO TOTAL	% VARIACIÓN ANUAL	CUSTO MEDIO	% VARIACIÓN ANUAL
REAL	2013	5	-46,3	284.454,75	-39,36	56.890,95	+13,01
ESTIMADO	2014	5	0	291.314,51	+2,41	58.262,90	+2,41
	2015	5	0	298.002,62	+2,29	59.600,52	+2,29

SERVIZOS EXTERIORES

SERVICIOS EXTERIORES		REAL	ESTIMADO	PREVISIÓN
CÓDIGO	DESCRIPCIÓN	2013	2014	2015
	Mantenimento oficina información europea para mozos	53.627,25	53.889,32	53.889,32
	Gastos correntes e de servizos externos	123.613,80	141.499,78	128.149,78
TOTAL		177.241,05	195.389,10	182.039,10

DOTACIÓNS PARA AMORTIZACIÓNS

A dotación anual da amortización dos elementos de inmovilizado material efectúase seguindo un método lineal a partir da posta en condición de funcionamento dos bens, en base aos anos de vida útil estimados para cada elemento ou grupo de elementos, aplicándose un 2% ao edificio, un 10% ao mobiliario e un 25% aos equipos informáticos.

A estimación para o exercicio 2015 é de 70.000,00€

SUBVENCIÓNS CONCEDIDAS PÓLA ENTIDADE

SUBVENCIÓNS CONCEDIDAS	REAL	ESTIMADO	PREVISIÓN
AGRUPADAS POR LIÑAS DE SUBVENCIÓNS/OBXECTIVOS	2013	2014	2015
Bolsas para a realización de prácticas relacionadas coa integración europea	66.183	79.980	79.980
TOTAL	66.183	79.980	79.980

I.2.2. ORZAMENTO DE CAPITAL

ORIXES

SUBVENCIÓNS DE CAPITAL RECIBIDAS.

SUBVENCIÓNS DE CAPITAL RECIBIDAS	REAL	ESTIMADO	PREVISIÓN
	2013	2014	2015
DO ESTADO			
DA COMUNIDADE AUTÓNOMA			
DA UNIÓN EUROPEA	52.716,00	9.360,00	10.801,00
TOTAL	52.716,00	9.360,00	10.801,00

APORTACIÓNS PATRIMONIAIS

APORTACIÓNS PATRIMONIAIS RECIBIDAS	REAL	ESTIMADO	PREVISIÓN
	2013	2014	2015
DO ESTADO			
DA COMUNIDADE AUTÓNOMA			
DOUTRAS ENTIDADES (ESPECIFICAR)			
TOTAL			

FINANCIAMENTO ALLEO A LONGO PRAZO

PRÉSTAMOS E CRÉDITOS A LONGO PRAZO RECIBIDOS	REAL	ESTIMADO	PREVISIÓN
	2013	2014	2015
DO ESTADO			
DA COMUNIDADE AUTÓNOMA			
TOTAL			

REMANENTE DE TESOURERÍA

REMANENTE DE TESOURERÍA	2013	2014
1. Dereitos pendentes de cobro	82.531,00	87.567,23
(+) Do orzamento corrente	400.166,00	405.202,23

REMANENTE DE TESOURERÍA	2013	2014
(+) De orzamentos pechados		
(+) De operacións non orzamentarias		
(+) De operacións comerciais		
(-) De dubidoso cobro	-317.635,00	-317.635,00
(-) Cobros pendentes de aplicación definitiva		
2. Obrigas pendentes de pagamento	164.631,00	127.672,22
(+) Do orzamento corrente	164.631,00	127.672,22
(+) De orzamentos pechados		
(+) De operacións non orzamentarias		
(+) De operacións comerciais		
(-) Cobros pendentes de aplicación definitiva		
3. Fondos líquidos	648.092,00	666.776,59
I. Remanente de tesourería afectado		
II. Remanente de tesourería non afectado		
III. Remanente de tesourería total (1-2+3)	565.992,00	626.671,60

APLICACIÓN

ADQUISICIÓN DE INMOBILIZADO NON FINANCEIRO

ADQUISICIÓN DE INMOBILIZADO NON FINANCEIRO	REAL	ESTIMADO	PREVISIÓN
	2013	2014	2015
Inmobilizado inmaterial	156		
Inmobilizado material	902	1.200	2.000
TOTAL	1.058	1.200	2.000

ADQUISICIÓN DE INMOBILIZADO FINANCEIRO

ADQUISICIÓN DE INMOBILIZADO FINANCEIRO		REAL	ESTIMADO	PREVISIÓN
ORGANISMO DO S.P.	TIPO ADQ.	2013	2014	2015
TOTAL				

FINANCIAMENTO DO PROGRAMA DE INVESTIMENTOS E DAS NECESIDADES DE EXPLOTACIÓN

As actividades da FGE fináncianse a través das aportacións ás que se comprometen os membros cando aproban o orzamento anual. Como membro fundador, a Xunta de Galicia inclúe non programa III E e a súa achega de 540.417,00 €.

As achegas dos demais membros privados completan o orzamento da FGE:

ABANCA: 45.000,00€

Consorcio Zona Franca de Vigo: 13.536,50 €

Cámaras de Comercio galegas e Deputacións: 36.599,26€

O financiamento da Fundación complétase co importe obtido do aluguer dunha parte da súa oficina en Bruxelas.

Por outro lado, polo que respecta ao convenio coa Consellería de Traballo e Benestar para o mantemento da Oficina de información europea para a mocidade, por importe de 42.500,00 € está condicionada á aprobación dos Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma.

Para rematar, é necesario sinalar que a FGE ten que afrontar o pagamento dun préstamo formalizado coa entidade bancaria membro do Padroado para a adquisición do local que acolle a oficina de Bruxelas. Atópase sometida a un endebedamento alleo desde o ano 2008 e ata o ano 2019

ORZAMENTOS XERAIS DA XUNTA DE GALICIA 2015

Formulario F.01

FUND. GALICIA EUROPA

	BALANCE. ACTIVO	(En miles de euros sen decimais)		
		REAL 2013	ESTIMADO 2014	ORZAMENTO 2015
A) Activo non corrente		1.979	1.909	1.837
I. Inmobiliado intanxible				
1. Desenvolvemento				
2. Concesións				
3. Patentes, licencias, marcas e similares				
4. Fondo de Comercio				
5. Aplicacións informáticas				
6. Dereitos sobre activos cedidos en uso				
7. Outro inmobiliado intanxible				
II. Bens do patrimonio histórico				
1. Bens inmobles				
2. Arquivos				
3. Bibliotecas				
4. Museos				
5. Bens mobles				
6. Anticipos sobre bens do patrimonio histórico				
III. Inmobiliado material		1.979	1.909	1.837
1. Terreos e construcións		1.898	1.855	1.811
2. Instalacións técnicas e outro inmobiliado material		81	53	26
3. Inmobiliado en curso e anticipos				
IV. Investimentos inmobiliarios				
1. Terreos				
2. Construcións				
V. Investimentos en empresas e entidades do grupo e asociadas a longo prazo				
1. Instrumentos de patrimonio				
2. Créditos a terceiros				
3. Valores representativos de débeda				
4. Derivados				
5. Outros activos financeiros				
VI. Investimentos financeiros a longo prazo				
1. Instrumentos de patrimonio				
2. Créditos a terceiros				
3. Valores representativos de débeda				
4. Derivados				
5. Outros activos financeiros				
VII. Activos por imposto diferido				
B) Activo corrente		734	759	780
I. Existencias				
1. Bens destinados á actividade				
2. Materias primas e outros aprovisionamentos				
3. Productos en curso				
4. Productos terminados				
5. Subproductos, residuos e materiais recuperados				
6. Anticipos a provedores				
II. Usuarios e outros debedores da actividade propia		62	65	65
III. Debedores comerciais e outras contas a cobrar		18	21	21
1. Clientes por vendas e prestacións de servizos				
2. Clientes, empresas do grupo e asociadas				
3. Debedores varios				
4. Persoal				
5. Activos por impostos corrente				
6. Outros créditos coas Administracións Públicas		18	21	21
7. Fundadores por desembolsos esixidos				
IV. Investimentos en empresas do grupo e asociadas a curto prazo		2	2	2
1. Instrumentos de patrimonio				
2. Créditos a empresas				
3. Valores representativos de débeda				
4. Derivados				

ORZAMENTOS XERAIS DA XUNTA DE GALICIA 2015				
Formulario F.01				
FUND. GALICIA EUROPA				
		(En miles de euros sen decimais)		
	BALANCE. ACTIVO	REAL 2013	ESTIMADO 2014	ORZAMENTO 2015
	5. Outros activos financeiros	2	2	2
	V. Investimentos financeiros a curto prazo			
	1. Instrumentos de patrimonio			
	2. Créditos a empresas			
	3. Valores representativos de débeda			
	4. Derivados			
	5. Outros activos financeiros			
	VI. Periodificacións a curto prazo	4	5	5
	VII. Efectivo e outros activos líquidos equivalentes	648	667	688
	1. Tesourería	648	667	688
	2. Outros activos líquidos equivalentes			
	TOTAL ACTIVO (A + B)	2.713	2.668	2.617

ORZAMENTOS XERAIS DA XUNTA DE GALICIA 2015

Formulario F.02

FUND. GALICIA EUROPA

	BALANCE. PASIVO	(En miles de euros sen decimais)		
		REAL 2013	ESTIMADO 2014	ORZAMENTO 2015
A) Patrimonio Neto		2.406	2.415	2.425
A-1) Fondos propios		2.386	2.404	2.425
I. Dotación fundacional/Fondo social		527	527	527
1. Dotación fundacional/Fondo social		527	527	527
2. (Dotación fundacional non esixida/Fondo social non esixido)*				
II. Reservas		1.733	1.859	1.877
1. Estatutarias		1.733	1.859	1.877
2. Outras reservas				
III. Excedentes de exercicios anteriores				
1. Remanente				
2. (Excedentes negativos de exercicios anteriores)*				
IV. Excedente do exercicio **		125	19	21
A-2) Axustes por cambio de valor **				
I. Activos financeiros disponibles para a venda **				
II. Operacións de cobertura **				
III. Outros **				
A-3) Subvencións, doazóns e legados recibidos		20	11	
I. Subvencións		20	11	
II. Doazóns e legados				
B) Pasivo non corrente		143	125	108
I. Provisións a longo prazo		40	40	40
1. Obrigas por prestacións a longo prazo ao persoal				
2. Actuacións medioambientais				
3. Provisións por reestructuración				
4. Outras provisións		40	40	40
II. Débedas a longo prazo		103	85	68
1. Obrigas e outros valores negociables				
2. Débedas con entidades de crédito		103	85	68
3. Acreedores por arrendamento financeiro				
4. Derivados				
5. Outros pasivos financeiros				
III. Débedas con empresas e entidades do grupo e asociadas a longo prazo				
IV. Pasivos por imposto diferido				
V. Periodificacións a longo prazo				
C) Pasivo corrente		165	128	85
I. Provisións a curto prazo				
II. Débedas a curto prazo		22	21	18
1. Obrigas e outros valores negociables				
2. Débedas con entidades de crédito		22	21	18
3. Acreedores por arrendamento financeiro				
4. Derivados				
5. Outros pasivos financeiros				
III. Débedas con empresas e entidades do grupo e asociadas a curto prazo				
IV. Beneficiarios-Acreedores		71	57	40
V. Acreedores comerciais e outras contas a pagar		71	50	28
1. Proveedores				
2. Proveedores, empresas e entidades do grupo e asociadas				
3. Acreedores varios				
4. Persoal (remuneracións pendentes de pago)		16	17	17
5. Pasivos por imposto corrente				
6. Outras débedas coas Administracións Públicas		56	33	11
7. Anticipos recibidos por pedidos				
VI. Periodificacións a corto prazo				
TOTAL PATRIMONIO NETO E PASIVO (A + B+ C)		2.713	2.668	2.617

ORZAMENTOS XERAIS DA XUNTA DE GALICIA 2015

Formulario F.03

FUND. GALICIA EUROPA

	(En miles de euros sen decimais)		
	REAL 2013	ESTIMADO 2014	ORZAMENTO 2015
CONTA DE PERDAS E GANANCIAS			
A) EXCEDENTE DO EXERCICIO			
1. Ingresos da entidade pola actividade propia	755	690	678
a) Cotas de asociados e afiliados	648	648	636
b) Aportacións de usuarios			
c) Ingresos de promocións, patrocinadores e colaboracións	107	43	43
d) Subvencións imputados a resultados do exercicio afectos á actividade propia			
e) Doazóns e legados de explotación imputados a resultados do exercicio afectos á actividade propia			
f) Reintegro de axudas e asignacións			
2. Gasto por axudas e outros **	-74	-82	-85
a) Axudas monetarias			
b) Axudas non monetarias	-66	-80	-82
c) Gastos por colaboracións e do órgano de goberno	-8	-2	-3
d) Reintegro de subvencións, doazóns e legados			
3. Variacións de existencias de produtos terminados e en curso de fabricación **			
4. Traballos realizados pola entidade para o seu activo			
5. Aprovisionamentos *		-9	-8
6. Outros ingresos de explotación	66	23	22
7. Gastos de persoal *	-338	-295	-298
a) Soldos, salarios e asimilados	-271	-234	-236
b) Cargas sociais	-67	-61	-62
c) Provisións			
8. Outros gastos de explotación * *	-236	-241	-224
a) Servicios exteriores	-192	-210	-193
b) Tributos	-30	-30	-30
c) Perdas, deterioros e variación de provisións por operacións comerciais	-15	-1	
d) Outros gastos de xestión corrente			-1
9. Amortización do inmovilizado *	-72	-71	-70
10. Subvencións, doazóns e legados de capital traspasados ao resultado do exercicio	53	9	11
a) Afectas á actividade propia	53	9	11
b) Afectas á actividade mercantil			
11. Excesos de provisións			
12. Deterioro e resultado por alleamentos de inmovilizado			
a) Deterioros e perdas			
b) Resultado por alleamentos e outras			
A.1) RESULTADO DE EXPLOTACIÓN (1+2+3+4+5+6+7+8+9+10+11+12)	153	25	26
13. Ingresos financeiros			
a) De participación en instrumentos do patrimonio			
a1) En empresas e entidades do grupo e asociadas			
a2) En terceiros			
b) De valores negociables e outros instrumentos financeiros			
b1) De empresas e entidades do grupo e asociadas			
b2) De terceiros			
14. Gastos financeiros	-28	-6	-5
a) Por débedas con empresas e entidades do grupo e asociadas			
b) Por débedas con terceiros.	-28	-6	-5
c) Por actualización de provisións			
15. Variación de valor razoable en instrumentos financeiros **			
a) Carteira de negociación e outros			
b) Imputación ao resultado do exercicio por activos financeiros disponibles para a venda			
16. Diferencias de cambio **			
17. Deterioro e resultado por alleamento de instrumentos financeiros **			
a) Deterioro e perdas			
b) Resultado por alleamentos e outras			
A.2) EXCEDENTE DAS OPERACIÓNS FINANCEIRAS (13+14+15+16+17)	-28	-6	-5
A.3) EXCEDENTE ANTES DE IMPOSTOS (A.1+A.2)	125	19	21

ORZAMENTOS XERAIS DA XUNTA DE GALICIA 2015				
Formulario F.03				
FUND. GALICIA EUROPA				
		(En miles de euros sen decimais)		
CONTA DE PERDAS E GANANCIAS		REAL 2013	ESTIMADO 2014	ORZAMENTO 2015
18. Imposto sobre beneficios **				
A.4) VARIACIÓN DE PATRIMONIO NETO RECOÑECIDA NO EXCEDENTE DO EXERCICIO (A.3+18)		125	19	21
B) INGRESOS E GASTOS IMPUTADOS DIRECTAMENTE O PATRIMONIO NETO				
1. Activos financeiros disponible para a venta				
2. Operacións de cobertura de fluxos de efectivo				
3. Subvencións recibidas				
4. Doazóns e legados recibidos				
5. Ganancias e perdas actuariales e outros axustes				
6. Efecto impositivo				
B.1)VARIACIÓN DE PATRIMONIO NETO POR INGRESOS E GASTOS RECOÑECIDOS DIRECTAMENTE NO PATRIMONIO NETO (1+2+3+4+5+6)				
C) RECLASIFICACIÓN O EXCEDENTE DO EXERCICIO				
1. Activos financeiros disponible para a venta				
2. Operacións de cobertura de fluxos de efectivo				
3. Subvencións recibidas				
4. Doazóns e legados recibidos				
5. Ganancias e perdas actuariales e outros axustes				
6. Efecto impositivo				
C.1)VARIACIÓN DE PATRIMONIO NETO POR INGRESOS E GASTOS RECOÑECIDOS DIRECTAMENTE NO PATRIMONIO NETO (1+2+3+4+5+6)				
D) VARIACIÓN DE PATRIMONIO NETO POR INGRESOS E GASTOS IMPUTADOS DIERECTAMENTE O PATRIMONIO NETO (B.1+C.1)				
E) AXUSTES POR CAMBIOS DE CRITERIO				
F) AXUSTES POR ERROS				
G) VARIACIÓN NA DOTACIÓN FUNDACIONAL O FONDO SOCIAL				
H) OUTRAS VARIACIÓN				
I) RESULTADO TOTAL, VARIACIÓN DO PATRIMONIO NETO NO EXERCICIO (A.4+D+E+F+G+H)		125	19	21

ORZAMENTOS XERAIS DA XUNTA DE GALICIA 2015

Formulario F.04

FUND. GALICIA EUROPA

ESTADO DE FLUXOS DE EFECTIVO	(En miles de euros sen decimais)		
	REAL 2013	ESTIMADO 2014	ORZAMENTO 2015
A) FLUXOS DE EFECTIVO DAS ACTIVIDADES DE EXPLOTACIÓN			
1. Resultado do exercicio antes de impostos.	125	19	21
2. Axustes no resultado	62	70	64
a. Amortización do inmovilizado (+)	72	71	70
b. Correccións valorativas por deterioro (+/-)	15	1	
c. Variación de provisións (+/-)			
d. Imputación de subvencións, doazóns e legados (-)	-53	-9	-11
e. Resultados por baixas e alleamentos de inmob (+/-)			
f. Resultados por baixas e alleamentos de insts finacs (+/-)			
g. Ingresos financeiros (-)			
h. Gastos financeiros (+)	28	6	5
i. Diferencias de cambio (+/-)			
j. Variación do valor razoable en insts fins(+/-)			
k. Outros ingresos e gastos (-/+)			
3. Trocos no capital corrente	-32	-41	-39
a. Existencias (+/-)			
b. Debedores e outras contas a cobrar (+/-)	-34	-34	-34
c. Outros activos correntes (+/-)	-1	-1	-1
d. Acredores e outras contas a pagar (+/-)	6	-4	-2
e. Outros pasivos correntes (+/-)	-1	-1	-1
f. Outros activos e pasivos non correntes (+/-)			
4. Outros fluxos de efectivo das actividades de explotación.	-28	-6	-5
a. Pagos de intereses (-)	-28	-6	-5
b. Cobros de dividendos (+)			
c. Cobros de intereses (+)			
d. Cobros/pagos por imposto sobre beneficios (+/-)			
e. Outros pagos/cobros (-/+)			
5. Fluxos de efectivo en actividades de explotación (1+2+3+4)	128	41	41
B) FLUXOS DE EFECTIVO DAS ACTIVIDADES DE INVESTIMENTO			
6. Pagos por investimentos (-)	-1	-1	-2
a. Entidades do grupo e asociadas (-)			
b. Inmovilizado intanxible (-)			
c. Inmovilizado material (-)	-1	-1	-2
d. Bens do Patrimonio Histórico (-)			
e. Investimentos inmobiliarios (-)			
f. Outros activos financeiros (-)			
g. Activos non correntes mantidos para a venda (-)			
h. Outros activos (-)			
7. Cobros por desinvestimentos (+)			
a. Entidades do grupo e asociadas (+)			
b. Inmovilizado intanxible (+)			
c. Inmovilizado material (+)			
d. Bens do Patrimonio Histórico (+)			
e. Investimentos inmobiliarios (+)			
f. Outros activos financeiros (+)			
g. Activos non correntes mantidos para a venda (+)			
h. Outros activos (+)			
8. Fluxos de efectivo das actividades de investimento (7+6)	-1	-1	-2
C) FLUXOS DE EFECTIVO DAS ACTIVIDADES DE FINANCIACIÓN			
9. Cobros e pagos por instrumentos de patrimonio			
a. Aportacións a tación fundacional o fondo social			
b. Disminucións do fondo social			
c. Subvencións, doacións e legados recibidos (+)			
10. Cobros e pagos por instrumentos de pasivo financeiro	-478	-21	-18
a. Emisión			
1. Obrigas e outros valores negociables (+)			
2. Débedas con entidades de crédito (+)			
3. Débedas con entidades do grupo e asociadas (+)			
4. Outras débedas (+)			

ORZAMENTOS XERAIS DA XUNTA DE GALICIA 2015			
Formulario F.04			
FUND. GALICIA EUROPA			
ESTADO DE FLUXOS DE EFECTIVO	(En miles de euros sen decimais)		
	REAL 2013	ESTIMADO 2014	ORZAMENTO 2015
b. Devolución e amortización de:	-478	-21	-18
1. Obrigas e outros valores negociables (-)			
2. Débedas con entidades de crédito (-)	-478	-21	-18
3. Débedas con entidades do grupo e asociadas (-)			
4. Outras débedas (-)			
11. Fluxos de efectivo das actividades de financiación (9+10)	-478	-21	-18
D) EFECTOS DAS VARIACIÓNS DOS TIPOS DE CAMBIO			
E) AUMENTO/DISMINUCIÓN NETA DO EFECTIVO OU EQUIVALENTES (5+8+11-D)	-351	19	21
EFECTIVO OU EQUIVALENTES A COMENZOS DE EXERCICIO	999	648	667
EFECTIVO OU EQUIVALENTES A FINAIS	648	667	688

